

## Académicos vilalbeses



*Xulio Xiz.-*

Temos os vilalbeses e chairegos varios académicos na Real Academia Galega, pero aquí refírome aos que hoxe se xuntan, como tódolos agostos dos últimos anos, titulándose “ex académicos” por ter sido, hai xa medio século os máis novos, alumnos daquela benemérita Academia Santa María de Vilalba, que tan excelentes froitos educativos conseguiu obter de rapazas e rapaces vilalbeses que nela tiñamos a nosa universidade, a nosa cultura e o noso porvir.

Hoxe, vinteseis de agosto, xúntanse os que poden asistir –eu sinto ben non poder facelo– tendo por marco da xuntanza a singular e octogonal torre da homenaxe do noso castelo, convertida en Parador Nacional de Turismo, para garantir a súa conservación e dignidade.

Nun tempo escuro no que Vilalba carecía de máis centros formativos que as Escolas do Campo da Feira, a Academia vilalbesa xuntou un plantel de especialistas formadores – coma as estrelas, de diversa brillantez – que nos abriron os ollos cara o mundo, e conseguiron –xa na nosa época de estudantes– que fosemos dos máis destacados da provincia nas convocatorias dos institutos lucenses, xunto – lémbroo ben– cos da Academia Muinelo de Taboada e o colexio da Asunción de Sarria.

Hoxe, aquel tempo, aquela Academia, son lembranza garimosa da nosa primeira mocidade, que cada agosto agroma na capital chairega para acreditar que toda lembranza é sinal de vida, que o recordo da vella Academia ten moito de agradecemento a un esforzo formativo que trascende o tempo, que fará que a iniciativa siga viva mentras os seus froitos humanos camiñemos pola vida proclamando que estamos feitos a imaxe e semellanza daqueles soñadores que sementaron en nós inquiredanza e curiosidade e nos abriron os ollos para mellor percorrer os difíciles camiños do mundo.